

A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA

Texto de WERNER HOLZWARTH

Ilustracións de WOLF ERLBRUCH

Tradución de FRANCK MEYER

Encadernado en cartón. 27 x 21 cm. 32 páx. 15 €.

PREMIO ALEMÁN DE LITERATURA INFANTIL
PREMIO ANDERSEN 2006 - PREMIO ASTRID LINDGREN 2017 (Ilustrador)
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza
(galego). ISBN 978-84-8464-619-8. Tras os montes.

La talpeta que volia saber qui li havia fet allò al cap
(catalán). ISBN 978-84-95123-78-7. Clàssics contemporanis.

Buruko hura nork egin zion jakin nahi zuen satortxoak
(éuscaro). ISBN 978-84-95123-79-4. Gaur egungo klasikoak.


A toupeira que quería saber quem lhe fizera aquilo na cabeça
(portugués). ISBN 978-972-8781-00-2. Clássicos contemporâneos.

Cando un día a toupiña asomou a cabeza por entre un montón de terra para ver se xa saíra o sol, pasou aquilo. (Era redondo e marrón, parecíase un chisco a un chourizo, e o peor de todo, caérlle xusto na cabeza)...

A toupiña saía do seu tobo e algo lle caeu na cabeza, a modo de pucho cheirento. Daquela, percorrerá todo o campo investigando -moi indignada- cal dos animais que alí viven lle fixera semellante agravio: a pomba, o cabalo, a lebre...

Este clásico da Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea cumpre 30 anos. Ten recibido galardóns tan importantes como o Premio Alemán de Literatura infantil, traducíuse a máis dunha vintena de linguas e publicouse en numerosos países.

Un conto simpático e escatolóxico que provoca gargalladas e fai que os lectores empaticen coa toupiña, ferida no seu orgullo. Nenos e maiores terán, con esta historia, a visión dun tema tan natural como a vida mesma e que, sen embargo, non sempre aparece nos libros.



- **Temática:** unha toupiña vai na procura do animal que lle fixera 'aquilo' sobre a cabeza.
- **Idade recomendada:** primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** humor, xogos tipográficos, ilustracións figurativas; descrición dos animais da granxa, do que comen, do que fan, onde e como viven.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-toupinha-g>

Werner Holzwarth

(Winnenden, 1947)

Estudou en Berlín e iniciou a súa traxectoria no eido industrial. En 1973 comezou a traballar en axencias de publicidade: primeiro como escritor, despois como director creativo. Entre 1980 e 1982 foi xornalista freelance. En 1990 creou a súa propia axencia publicitaria. Dende 1995 era profesor de Comunicación Visual na Universidade de Weimar, tarefa que abandonou en 2012 para dedicarse exclusivamente á literatura infantil.

<http://www.wernerholzwarth.blogspot.com>

Wolf Erlbruch

(Wuppertal, 1948)

Estudou Deseño Gráfico en Essen e traballou como debuxante publicitario en prestixiosas revistas como Stern e Esquire. Nos anos 80 comezou a escribir e a ilustrar libros infantís. Entre 1990 e 1997 foi profesor de Debuxo Gráfico e Ilustración na Escola Universitaria de Belas Artes de Düsseldorf. Ata a actualidade viña sendo catedrático de Artes Ilustrativas e Visuais na Universidade de Wuppertal. Entre os numerosos galardóns que recibiu destacan o Premio Alemán de Literatura Xuvenil (1993 e 2003), o Premio da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloxia (2001 e 2004), o Premio Extraordinario do Premio Alemán de Literatura Xuvenil e o Premio Gutenberg de Leipzig (2003), o Premio Hans Christian Andersen (2006) e o Premio Memorial Astrid Lindgren (2017) polo conxunto da súa obra.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com